



Concello de Mazaricos

**CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRAS:
"MELLORA DA DRENAXE NA ESTRADA LOCAL DE ALBORÉS A MAROÑAS
(FCA-2024).
EXPEDIENTE 2024/C003/000005**

COMPARECEN

Dunha parte, **D. JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO**, con DNI nº 44.809.172-C, Alcalde-Presidente do Concello de Mazaricos, na representación legal que lle confire o artigo 21.1.b) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, **D. YONI TUÑAS NIETO**, con DNI nº 44.831.700-P, en representación de EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L. con NIF núm. B-70.134.143 e domicilio social en Maroñas núm. 3- 15256 Mazaricos, manifestando ter plena capacidade para contratar e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determinan as disposicións vixentes nesta materia.

Ambos os dous comparecentes recoñécense con competencia e capacidade, respetivamente, para obrigarse e outorgar o presente contrato administrativo de obras "Mellora da drenaxe na estrada local de Alborés a Maroñas."

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1.- I. Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do 28 de decembro de 2023, pola que se aproban os criterios de repartición, as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024. En dita orde, asígnanse ao Concello de Mazaricos, na liña de concorrencia non competitiva, 194.320,29€.

II. Decreto de Alcaldía núm. 41/2024, de 22 de febreiro, no que solicita a aplicación da cantidade anterior a unha serie de investimentos e ao financiamento de determinados gastos de funcionamento de servizos relacionados co medio ambiente e o espazo natural, entre estes últimos inclúense a "Mellora da drenaxe na estrada local de Alborés a Maroñas" cun orzamento total de 98.131,33€.

2.- Decreto da Alcaldía núm. 190/2024 de 10/07/2024, polo que se aproba o expediente de contratación correspondente a obra "Mellora da drenaxe na estrada local de Alborés a Maroñas."

3.- O 27/08/2024 a mesa de contratación clasificou por orde decrecente as proposicións presentadas e efectúase a comunicación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público para que o licitador Excavaciones Yoni Tuñas SL, achegue a documentación á que se refire a cláusula 16.1 del PCAP.

4.- Excavaciones Yoni Tuñas SL constituíu a garantía definitiva por importe de 4.038,79 € mediante o depósito en efectivo na conta bancaria do Concello e presentou os documentos xustificativos esixidos (PLACE día 30/08/2024).



Concello de Mazaricos

5.- Mediante Resolución da Alcaldía núm. 232/2024, de 09/09/2024 de setembro, adxudicouse o contrato á empresa EXCAVACIONES YONI TUÑAS SL, polo prezo que se indica:

Empresa	Excavaciones Yoni Tuñas S.L	
CIF:	B-70.134.143	
Oferta económica	Prezo sen IVE:	80.775,87€
	IVE (21%)	16.962,93€
	Prezo con IVE:	97.738,80€

E convindo a ambas partes, en calidade de adxudicante e adxudicatario, o presente contrato de obras, o formalizan no presente documento administrativo, conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- D. YONI TUÑAS NIETO, con DNI nº 44.831.700-P, en representación de EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L. con NIF núm. B-70.134.143 e domicilio social en Maroñas núm. 3- 15256, Mazaricos, comprométese á execución da obra “Mellora da drenaxe na estrada local de Alborés a Maroñas”, con estricta suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcóns técnicas, documentos contractuais respecto dos cales o contratista manifesta á súa aceptación incondicional e sen reserva algunha, e a súa oferta.

SEGUNDA.- O prezo do contrato, IVE engadido, é de 97.738,80 €, que será aboado consonte ao previsto no prego de cláusulas.

TERCEIRA.- O prazo de execución do presente contrato é 4 meses, contados dende o día seguinte ao da sinatura da Acta de comprobación do replanteo.

CUARTA.- A comprobación do replanteo efectuarase na data que sinale a Administración, dentro do mes seguinte á formalización do presente contrato, estendéndose acta do resultado e remitindo un exemplar da mesma ao órgano de contratación.

QUINTA.- De conformidade co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas que rexen a presente contratación, relativa aos carteis e sinais a colocar na obra, o contratista colocará na obra un cartel relacionado coa obra, coas características e formato facilitado pola Administración. Dito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva, sendo responsable o contratista durante dito prazo de que o cartel permanezca instalado en perfectas condicións. Transcorrido dito prazo o contratista procederá a retirada do cartel a súa conta.

Asimismo, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos de obras, peligro, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo personalmente responsable dos accidentes motivados polo incumprimento desta cláusula.

SEXTA.- Formalizado o contrato procederase á execución do mesmo de conformidade coas cláusulas 18 e ss. do PCAP.



Concello de Mazaricos

SÉTIMA.- O prazo de garantía é de 1 ano contado dende o día seguinte ó da sinatura da acta de recepción ou conformidade da obra.

OITAVA.- Atendendo á natureza da obra, **non** procederá en ningún caso a **revisión de prezos** do presente contrato.

NOVENA.- O presente contrato, que ten **natureza administrativa**, rexerá polo estipulado no mesmo e no prego de cláusulas administrativas particulares, e no non previsto expresamente nos mesmos, quedan ambas as dúas partes sometidas expresamente á lexislación de contratos das Administracións Públicas, a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e normas complementarias, así como as demais disposicións de desenvolvemento, supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

DÉCIMA.- As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveráas o órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles terá lugar recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola lei reguladora de dita xurisdición, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados consideren procedente.

Lido este documento, e en proba da súa conformidade, asinan ambas as dúas partes.

O Presidente

O contratista

Asdo. Juan J. Blanco Riveiro

Asdo. Yoni Tuñas Nieto